



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. J. Angel Álvarez Moreira
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Victor Cardador González
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Cidrás Pidre
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Manuel Fernández Areal
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Alberto Gago Rodríguez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D^a. M^a del Pilar López Vidal
 D. Victor M. Martínez Cacharrón
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. José Pose Blanco
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Luis Rodríguez Ennes
 D^a. M^a Elena Sánchez Trigo
 D. Eduardo Soto García
 D. Juan Carlos Suris Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Federico Vilas Martín
 D. Xoan Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
 D. Josefina Álvarez Andrés (CCOO)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de trece de abril de dous mil, ás 9 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O venres, **día 13 de abril de 2000**, ás 9:30 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (3-3-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Autorizar ó Rector para asinar a reformulación do convenio vixente de data 3 de xuño de 1997 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Universidade de Vigo e o Concello de Ourense.
- 4.- Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Publicidade e Relacións Públicas, Psicopedagogía, Historia, Educación Social, Belas Artes, Enxeñería Técnica Agrícola, Fisioterapia, Traballo Social, Enxeñería Técnica Forestal e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.
- 5.- Aprobación, se procede, do master en Xestión e Dirección de Sociedades e Entidades Deportivas.
- 6.- Materias de libre elección para o curso 2000/2001.
- 7.- Encargos de docencia.
- 8.- Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.
- 9.- Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Escultura e de Debuxo.
- 10.- Modificación do Acordo da Xunta de Goberno de 24 de marzo de 1995, sobre o número de membros dos equipos directivos dos Centros.
- 11.- Normativa para a elección de Decanos e Directores de Centro.
- 12.- Informe sobre a memoria da Oficina I+D do ano 1999.

- 13.- Aprobación, se procede, do regulamento da Oficina de Medio Ambiente.
- 14.- Aprobación, se procede, da normativa de permanencia na Universidade de Vigo.
- 15.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos. Proposta de nomeamento de profesor emérito.
- 16.- Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado contratado para o curso 2000-2001.
- 17.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como doutor Honoris Causa de D. Carlos Fuentes.
- 18.- Adscrición da área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial a departamento.
- 19.- Nomeamento do representante da Universidade de Vigo no Consello Rector da EGAP.
- 20.- Resposta ó recurso de reposición presentado por D. José Manuel Losada Beltrán ante a resolución de 2.2.2000 (Xunta de Goberno 24-01-2000).
- 21.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Acta 3-3-2000

Acéptanse as alegacións da profesora López Vidal (corrección dun erro na relación de aulas informáticas dos Centros) e do prof. Santamaría (corrección de erros na relación de asistentes, cambiar "protesta" por "queixa" na súa intervención do punto 4 e modificación da redacción da súa intervención no punto 12).

Acéptanse as alegacións do Sr. Gómez Soler nos puntos 1, 10, 11 e 12 que se incorporan á redacción definitiva.

Sométense a votación as seguintes alegacións do Sr. Álvarez Moreira:

a) Punto 10. *" El Sr. Álvarez Moreira solicita votación, negándose el Rector repetidas veces a realizarla, en los términos de reprimir al Vicerrector de Extensión Universitaria y a la Comisión por incumplimiento de sus obligaciones en cuanto a la resolución de las ayudas Álvaro de las Casas "*.

Votos a favor do texto	20
Votos a favor da alegación	2
Abstencións	7

Mantese o texto.

b) Punto 11. *" El Sr. Álvarez Moreira solicita votación, amparándose en la legislación vigente, negándose el Rector a realizarla, repetidas veces, en los términos de :*

Ampliación del plazo.

Eliminación en el punto 5 de los requisitos.

Modificación de las modalidades de Asociación de tal forma que se detallen los expresados en el escrito de RºS 16, que consta en Acta.

Votos a favor do texto	21
Votos a favor da alegación	2
Abstencións	5

Mantense o texto.

Acéptase a alegación do profesor R. Berrocal modificando a redacción da súa intervención no punto 7.

Sométese o conxunto da acta a votación:

Votos a favor	23
Votos en contra	3
Abstencións	5

Apróbase.

O profesor Corbacho fai constar que o seu voto en contra débese a que considera improcedente que figure como anexo á acta un informe sobre a interpretación do artigo 19.1.B do regulamento de profesorado xa que non está asinado por ninguén.

Os Sres. Gómez Soler e Carpintero Sánchez queren que conste o seguinte:

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa:

- das Universidades (e das titulacións) que fixeron propostas de intercambio no marco do programa Sicue/Séneca.

- da presentación do Informe Universidad 2000, do cal a Universidade de Vigo terá que facer a súa valoración.

- das probables datas dos próximos Claustros: o día 5 de maio e o día 9 de xuño. Neste último o Rector presentará o informe anual.

- do convenio que contempla, no Campus de Ourense, a construción de vivendas para profesores e PAS e conexión entre os dous Campus. Dará máis posibilidades de crecemento e as expropiacións necesarias serán pagadas pola Consellería.

Varios membros da Xunta de Goberno opinan sobre o tipo de comisión encargada de elaborar o informe no que se recolla a opinión da Universidade de Vigo sobre o informe Universidad 2000. A opinión xeral é que sexa unha Comisión específica de aproximadamente 25 membros que quede elixida no próximo Claustro.

Punto 3. Autorizar ó Rector para asinar a reformulación do convenio vixente de data 3 de xuño de 1997 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Universidade de Vigo e o Concello de Ourense.

O Rector explica a necesidade de reformular o Convenio de 3 de xuño de 1997 e indica que o correspondente protocolo será asinado a finais de mes.

Apróbase por asentimento o seguinte:

En data 3 de xuño de 1997 asinouse un Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Universidade de Vigo e Concello de Ourense, polo que se acorda desenvolver o Campus de Ourense, para poder prestar uns mellores servicios docentes á cidade e acomodarse ás demandas da realidade da Universidade. O devandito Convenio na súa cláusula terceira prevé a cesión por parte da UVI das parcelas designadas no plano adxunto ó citado convenio co número 1-A e 1-B, dunha mensura de 12.272 m², co obxecto de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo proceda a promoción e construción de vivendas destinadas a comunidade universitaria.

Previstas novas actuacións públicas por parte da Xunta de Galicia no entorno do recinto universitario, faise, preciso, reformular o devandito convenio, así propónse a Xunta de Goberno o seguinte acordo:

" Solicitase, que sen prexuízo das competencias propias do Consello Social nesta materia, á Xunta de Goberno autorice o Rector para asinar coas institucións precitadas, un protocolo e convenio de colaboración, que no marco da vixente normativa patrimonial comprometa a cesión ó organismo competente da Xunta de Galicia, mediante permuta ou negocio xurídico apropiado, das descritas parcelas 1-A e 1-B, baixo condición resolutoria de respectar a finalidade acordada para as mesmas na cláusula terceira do Convenio de 3 de xuño de 1997, que non é outra que a promoción e construción de vivendas para membros da comunidade universitaria.

Punto 4. Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Publicidade e Relacións Públicas, Psicopedagogía, Historia, Educación Social, Belas Artes, Enxeñería Técnica Agrícola, Fisioterapia, Traballo Social, Enxeñería Técnica Forestal e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

O Vicerrector de Organización Académica fai unha exposición xeral do proceso levado a cabo para a elaboración destes planos de estudio.

Antes de entrar en cada un deles, o profesor Rodríguez Berrocal propón que se aprace o debate ata que estean elaborados tódolos planos de estudio e que se faga un debate xeral no que se analice a repercusión global na plantilla docente.

O Rector non discrepa desa filosofía xeral pero di que hai que conxugar esa avaliación económica e a implantación sen demora dos novos planos de estudio.

O Vicerrector de Organización Académica di que non tódolos Centros seguen o mesmo

ritmo de tramitación (en realidade, só un Centro cumpríu estrictamente o calendario) e que hai que distinguir reformas mais ou menos técnicas nos planos agora vixentes de reformas en profundidade. Cuestiona se na normativa de elaboración debería esixirse engadir os encargos de docencia.

O profesor Gago di que se a proposta non altera substancialmente as condicións de partida non hai porque esperar que os encargos de docencia futuros trastoquen radicalmente a situación. Recorda que os encargos de docencia son anuais.

O profesor Durany opina que a proposta do profesor Rodríguez Berrocal, retrasaría en exceso a implantación. O profesor Valero comparte esa opinión.

O profesor Mato di que non hai que paralizar o traballo dos Centros que traballaron en prazo e que a Xunta de Goberno non debería entrar na parte académica. O que hai que ver e se algunha área desaparece ou case desaparece e no referente ós encargos de docencia haberá que pensar en medidas correctoras que se recomenden no tempo ós Centros.

O profesor Gutiérrez di que non se poden prever os encargos de docencia e que habería que analizar as alegacións.

O profesor Rocha cuestiona se nas áreas mais consolidadas, como as de Ciencias, ten sentido facer o estudio global ó que se refería o profesor Rodríguez Berrocal.

O profesor Rodríguez Berrocal mantén que se retiren os planos de estudio. De non ser así, anuncia a súa abstención en todos eles.

O profesor Cidrás indica que nos planos que se someten a aprobación, as alegación son de detalle, non de fondo.

O Rector di que hai que ver se os planos de estudio respectan o equilibrio actual e se permiten estudar no futuro medidas correctoras de axuste. De ser así deben tratarse xa e propón traballar nesa liña.

O profesor Rodríguez Berrocal propón que se retire este punto. Sométese a votación:

Votos a favor de manter o punto	22
Votos a favor de retirar o punto	5
Abstencións	1

Trátase a continuación cada un dos planos de estudio que figuran na orde do día.

Plano de estudio de Publicidade e Relacións Públicas

Despois da explicación do Vicerrector de Organización Académica intervén o Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) para indicar que no primeiro cuadrimestre o número de créditos teóricos (24) fai que se supere o límite legal establecido de 15 horas semanais de carga teórica. Indica tamén que no réxime de acceso ó segundo ciclo figura a obriga de ter superado 70 créditos cando na normativa da Universidade de Vigo non hai ese tipo de requisito.

O profesor Tojo intervén neste punto para precisar que non hai que actuar con presa no tema de planos de estudio e que hai que analizar a súa repercusión económica; considera unha irresponsabilidade aprobar un a un os planos de estudio. O Rector respóndelle que iso xa foi tratado na primeira parte do debate.

Os profesores Durany e Candelas opinan que a interpretación de carga lectiva debe entenderse en términos anuais e non cuadrimestrais. Nesa línea maniféstase o profesor Gago que engade que debe ser así para ter equilibrada a carga teórica e a práctica.

O Sr. Carpintero non comparte esa opinión.

Co encargo de que se corrixa, se procede, o establecido para o acceso ó segundo ciclo, sométese o plano a votación (para a súa remisión ó Claustro):

A favor	19 votos
En contra	4 votos
Abstencións	2

Apróbase.

Plano de estudos de Psicopedagogía

A única intervención, despois da do Vicerrector de Organización Académica é a do Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) para precisar que non figura nada relativo a créditos de libre elección por prácticas en empresas.

Sométese a votación:

A favor	20 votos
En contra	2 votos
Abstencións	5

Apróbase.

Plano de estudos de Historia

O Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) intervén nos mesmos termos que no plan de Publicidade e Relacións Públicas (carga lectiva e réxime de acceso ó segundo ciclo).

Sométese a votación:

A favor	20 votos
En contra	1 votos
Abstencións	3

Apróbase.

Plano de estudios de Educación Social

Sométese a votación:

A favor	20 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase.

Plano de estudios de Belas Artes

O Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) di que hai que revisar o réxime de acceso ó segundo ciclo, que non hai créditos de libre configuración por prácticas en empresas e que o total de créditos do plano supera en 4 o total permitido.

Acórdase revisar estes datos e deixar este plano de estudos para unha vindeira Xunta de Goberno.

Plano de estudios de Enxeñería Técnica Agrícola

O Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) di que non hai créditos de libre elección por prácticas en empresas.

Sométese a votación (coa recomendación de que se introduzan créditos de libre elección dese tipo):

A favor	21 votos
En contra	0 votos
Abstencións	6

Apróbase.

Plano de estudios de Fisioterapia

Sométese a votación.

A favor	19 votos
En contra	0 votos
Abstencións	3

Apróbase.

Plano de estudios de Traballo Social

O Sr. Gómez Soler (en nome do Sr. Álvarez Moreira) indica que os créditos teóricos do primeiro cuatrimestre de 3º suman 24 e que non hai créditos de libre elección por prácticas en

empresas.

Sométese a votación:

A favor	18 votos
En contra	2 votos
Abstencións	5

Apróbase.

Plano de estudos en Enxeñería Técnica Forestal

Sométese a votación:

A favor	21 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase.

Plano de estudos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Sométese a votación:

A favor	18 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase.

Por último a proposta do Sr. Gómez Soler, acórdase que con carácter xeral se recomende ás Xuntas de Titulación que se inclúan créditos de libre elección por prácticas en empresas, institucións publicas e privadas etc, agás naquelas titulacións que xa teñan "practicum".

Punto 5. Aprobación, se procede, do II Master en Xestión e Dirección de Sociedades e Entidades Deportivas.

A favor	21 votos
En contra	1 voto
Abstencións	0

Apróbase.

Punto 6. Materias de libre elección para o curso 2000/2001.

O Vicerrector de Organización Académica explica como se chegou á proposta final que agora se presenta.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Encargos de docencia.

Este punto divídese en dúas partes:

a) Encargos de docencia dos planos novos.

O Sr. Álvarez Moreira di que a limitación de 15 horas de teoría por semana se incumple nalgunhas materias. O Rector aclara que eso non esta agora a debate senón o encargo de docencia.

O profesor Tojo di que o encargo de docencia de Química non é procedente xa que non ten o nforme favorable do Centro e mentres tanto non debería estar en período de alegacións.

O Rector di que se trata por igual a tódolos planos de estudio e que hai que aprobar os encargos e non retrasar os procedementos.

O profesor Tojo pide que conste en acta que o plano de estudio de Química se somete a período de alegacións sen o informe da Xunta de Centro.

A votación dos encargos de docencia dos planos novos tivo o seguinte resultado.

A favor	27 votos
En contra	4 votos
Abstencións	3

Apróbanse.

b) Cambio de encargo pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense con respecto á materia "Informática Aplicada á Xestión da Empresa" que viña sendo impartida por "Linguaxes e Sistemas Informáticos" e pasa a "Organización de Empresas".

Neste punto, intervén en primeiro lugar o profesor Francisco Vázquez, Director do Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos, para dicir que se ben recoñece que a materia está adscrita a 4 áreas de coñecemento, sempre foi impartida por Linguaxes e Sistemas Informáticos.

O profesor Mazaira di que é competencia dos Centros " facer anualmente os encargos de docencia " e que decidiu cambiar o encargo en función do enfoque e do perfil que se lle quere dar a esa materia dentro do plano de estudos. Opina que debe respectarse a decisión da Xunta de Centro sempre que non queden afectados os intereses xerais da Universidade de Vigo. Por iso, nese caso non hai que falar en principio de criterios económicos.

O profesor R. Berrocal di que cando hai un cambio con respecto a anos anteriores debe ir ben xustificado e opina que os criterios económicos tamén son importantes xa que hai 48 créditos en xogo.

O profesor Corbacho di que se o Centro comunica á área que enfoque lle quere dar, seguramente a área anterior podería seguir impartindo a materia.

O profesor Tojo bota en falta criterios académicos nesta proposta de cambio.

O profesor Durany propón que estando próxima unha reforma do plano de estudos da diplomatura, calquera que sexa a decisión, a docencia se contabilice como non consolidable.

Os profesores Mazaira e Vázquez abundan nas opinións vertidas ó inicio do debate.

A proposta do profesor Durany acéptase por asentimento e o encargo de docencia sométese a votación secreta:

A favor da proposta do Centro	14 votos
En contra	11 votos
Abstencións	7

Quede adscrita a materia a " Organización de Empresas ".

O profesor Mazaira presenta o voto particular que se engade a acta como anexo I.

O Sr. Álvarez Moreira realiza a intervención que figura en anexo á acta.

Punto 8. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Escultura e de Debuxo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 10. Modificación do Acordo da Xunta de Goberno de 24 de marzo de 1995, sobre o número de membros dos equipos directivos dos Centros.

Apróbase por asentimento o seguinte

Establécese en función do número de estudantes do Centro:

de 1 a 500 estudantes	1 Vicedecano/a - Subdirector/a
de 501 a 1500 estudantes	2 Vicedecanos/as - Subdirectores/as
de 1501 a 2500 estudantes	3 Vicedecanos/as - Subdirectores/as
máis de 2500 estudantes	4 Vicedecanos/as - Subdirectores/as

Cando o Centro teña máis titulacións que membros do equipo, se incrementará o número de Vicedecanos/as-Subdirectores/as de tal xeito que o número de membros do equipo directivo sexa igual ó número de titulacións. En ningún caso o equipo directivo terá máis de 6 membros.

Punto 11. Normativa para a elección de Decanos e Directores de Centro.

O profesor Surís propón que no artigo 8º se engadan os prazos de exposición de censos provisionais, de reclamacións e de censos definitivos. Propón tamén que no artigo 2º b) se fixe o prazo dun mes para que se convoquen as eleccións.

O profesor Membiela propón melloras de tipo técnico na redacción do artigo 6º

O profesor Durany propón que no artigo 3º 1º) se inclúa a posibilidade de que un Titular de Escola Universitaria co título de Doutor poda dirixir o Centro.

O profesor Mazaira propón nese sentido a seguinte redacción " No caso de que non existan candidatos que reúnan os requisitos anteriores, poderán ser candidatos os Titulares de Escola Universitaria que teñan o título de Doutor".

Asimesmo propón que no artigo 10 se suprima a frase " non podendo figurar nas papeletas nada máis que o nome e apelidos dos candidatos ".

Acéptanse todas estas suxestións e apróbbase a normativa por asentimento (anexo II)

Punto 12. Informe sobre a memoria da Oficina I+D do ano 1999.

O Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía informa sobre a memoria de actividades da Oficina de I+D do ano 1999.

Punto 13. Aprobación, se procede, do regulamento da Oficina de Medio Ambiente.

O Vicerrector de Investigación fai a presentación deste regulamento que é aprobado por asentimento.

Punto 14. Aprobación, se procede, da normativa de permanencia na Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado di que o texto foi enviado a tódalas delegacións de alumnos e foi consultado cos estudantes da Xunta de Goberno. Establece uns requisitos mínimos de rendemento académico, reconduce o esforzo dos estudantes e penaliza a reiterada matrícula en determinadas asignaturas. Na segunda parte se establecen mecanismos de avaliación curricular que xa se anunciaban na normativa de planos de estudio.

O Sr. Cardador considera que se trata dunha boa normativa que contribúe a ordear os estudos. Considera que se pode mellorar e fai as seguintes propostas:

- no artigo 3, cambiar 4 materias por 27 créditos e mellorar a redacción de todo o parágrafo.

- no artigo 6.2, reducir nun punto os coeficientes para as carreiras técnicas.

- nos artigo 8.1, que se diga 3ª convocatoria en lugar de 5ª no caso de materias do último curso .

- redactar de xeito máis claro o artigo 8.4.

O Sr. Gómez Soler di que un tema desta importancia tería que tratarse nunha Xunta de Goberno Extraordinaria e que antes desta normativa habería que aprobar o regulamento de estudantes, as normas de xestión académica e o regulamento de exames. Propón a retirada do punto e pide que conste en acta o seguinte escrito asinado por Horacio Vilhar:

O profesor Gutiérrez, suxire que no artigo 8.2 se estableza o número de veces que se pode solicitar a avaliación curricular en 1 para as diplomaturas e en 2 para as carreiras de ciclo largo.

O Vicerrector responde ó Sr. Gómez Soler aclarando que esto non ten nada que ver coas normas de xestión académica e que o texto inicial foi mellorado despois da xuntanza que tivo cos estudantes. Acepta a proposta do Sr. Cardador no artigo 3 e no artigo 8.1, propón cambiar 5ª por 4ª.

O Sr. Gómez Soler di que non se considera respondido.

O Rector di que sí e agradece ó Sr. Vicerrector o traballo feito de recompilación de normativas antes de elaborar o texto que hoxe se somete a aprobación.

O Sr. Álvarez Moreira e o profesor Corbacho defenden a retirada do punto. Sométese a votación:

A favor de retirar o punto	3 votos
En contra	22 votos
Abstencións	1

En relación coa redución do coeficiente no artigo 6.2, o profesor Membiela propón a redución dun punto en tódalas titulacións. Acéptase.

Sobre a proposta do profesor Gutiérrez, no artigo 8.2, acórdase precisar dúas veces para titulacións de só 1º ou 2º ciclo e tres veces nas de 1º e 2º ciclo.

O Sr. Álvarez Moreira presenta un escrito que figura como anexo á acta. Propón que no artigo 3 se supriman as frases "que no transcurso de dous anos consecutivos ou " e " non entrarán no cómputo de créditos aprobados os obtidos por validación". Sométese a votación:

A favor	2 votos
En contra	18 votos
Abstención	1

Mantense o texto.

O Sr. Álvarez Moreira propón a eliminación do artigo 6.3. Sométese a votación:

A favor 1 voto
 En contra 21 votos
 Abstencións 1

Mantense o texto.

Por último, vótase todo o documento coas modificación xa introducidas:

A favor 20 votos
 En contra 1 votos
 Abstención 1

Apróbase a normativa de permanencia, para a súa remisión ó Consello Social (anexo III)

Punto 15. Asuntos de profesorado.

- Prazas BOE

C08	755	TIT-UN	OURENSE	Vila Romeu, Nuria
H04	345	CAT-UN	VIGO	-----
H05	485	TIT-UN	OURENSE	Pérez Rodríguez, Francisco Javier
T12	A800	TIT-UN	VIGO	Abreu Sernández, M ^a Victoria
X08	415	TIT-UN	VIGO	Falagán Mota, Jorge

Apróbanse por asentimento.

- Transformacións

C01	050	Megías Pacheco, Manuel	de PP1 a PP2
H04	345	Bueno Alonso, Jorge Luis	de PP1 a PP2
H04	345	González Álvarez, M ^a Dolores	de PP1 a PP2
T04	555	Cancela Carral, M ^a Ángeles	de PP1 a PP2
T04	555	Domínguez González, José Manuel	de PP1 a PP2
T04	555	Orge Álvarez, Beatriz	de PP1 a TIT-UN interino
T04	555	Iglesias Duro, Miguel	de PP2 a TIT-UN interino
X01	740	Fernández González, Ángel	de ASO T3-TC a TIT-EU interino
X01	805	Dapia Conde, María D.	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Alonso Carrera, Jaime	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Alonso Villar, Olga	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	González Cerdeira, Xulia	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	González Gómez, Manuel	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Otero Giráldez, M ^a Soledad	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Del Río Otero, Coral	de PP2 a TIT-UN interino
X07	230	Pereira Somoza, Joaquín	de ASO-T3 P3 a ASO T3-P6

Apróbanse por asentimento.

- Visitantes

D^a M^a Teresa De Castro Rodríguez, coa categoría de TIT-UN, dende ó 23-02-00 ata o 30-09-00, no Departamento T08 de Física Aplicada.

Apróbase por asentimento.

- Permisos

- D ^a María Luísa Andrade Couce	do 15-09-00 ata 15-12-00
- D ^a Pilar Molist García	do 01-09-00 ata 20-12-00
- D. Jesús Simal Gándara	do 26-06-00 ata 26-09-00

Apróbase por asentimento.

Apróbase por asentimento a proposta de nomeamento como **profesor emérito** de D. Manuel Fernández Areal. O Rector felicita ó Profesor Areal, o cal pide que conste en acta o agradecemento á Xunta de Goberno.

Punto 16. Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado contratado para o curso 2000-2001.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, da proposta de nomemento como doutor Honoris Causa de D. Carlos Fuentes.

Apróbase por asentimento.

Punto 18. Adscripción da área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial a departamento.

O Vicerrector de Organización Académica propón que a área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial se adscriba ó Departamento de Linguaxes e Ssistemas Informáticos (xa para a elaboración do P.O.D.). Este Departamento, actualmente monoárea, cambiará próximamente de nome para dar abeiro ás dúas áreas.

Apróbase por asentimento.

Punto 19. Nomeamento do representante da Universidade de Vigo no Consello Rector da EGAP.

O Rector propón que o representante da Universidade no Consello Rector da EGAP, sexa o Xerente, D. Julio Taboada Pérez.

Apróbase por asentimento.

Punto 20. Resposta ó recurso de reposición presentado por D. José Manuel Losada Beltrán ante a resolución de 2.2.2000 (Xunta de Goberno 24-01-2000).

O Rector explica que non hai elementos novos dende que a Xunta de Goberno de 24-1-2000 aplicara a normativa e propón que se reafirme na decisión anterior.

O profesor Cidrás di que ten información dun informe da asesoría xurídica no que se cuestiona a necesidade de abrir un expediente informativo en caso de avaliacións docentes negativas, en aplicación do artigo 156 dos Estatutos. Por iso, pregunta se existira tal expediente e se a normativa foi ben aplicada.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado da lectura a ese informe da asesoría xurídica en base o cal o expediente tiña que terse aberto no curso 95/96 e non se fixo ata o curso 98/99. Tal expediente informativo foi levado á Xunta de Goberno de 24-1-2000.

O profesor Cidrás di que de ser así, por qué o Tribunal de Garantías deixa en cuestión a posible falta de tal expediente informativo.

O profesor Espada di que o Tribunal de Garantías non tiña clara toda a información pero que se a Xunta de Goberno interpreta que a documentación xa tratada no seu día constitúe o expediente informativo, o problema estaría pechado.

O profesor Membiela recorda que o espírito do artigo 156 dos Estatutos ten un alcance superior ó que se deriva da solicitude de quinquenios xa que dá un tratamento a avaliacións docentes reiteradamente negativas, independentemente dos complementos específicos por mérito docente.

O Rector di que se responderá tanto ó profesor Losada como o Tribunal de Garantías nos termos seguintes: a documentación que foi estudada na Xunta de Goberno do día 24-1-2000 constitúe o expediente informativo completo aberto a raíz da solicitude de quinquenio por parte do profesor Losada e a partir das avaliacións negativas nos cursos anteriores. Acórdarse reafirmarse na decisión anterior e denegar o recurso porque se entende que xa está completo o expediente que no seu día foi levado á Xunta de Goberno.

Punto 21. Rogos e preguntas.

O profesor Gutiérrez pregunta se os cursos que imparte a academia ICA son os que se aprobaran inicialmente (o Vicerrector de Organización Académica responde que se autorizaron tres cursos e se están a impartir máis). Roga que non se asinen convenios con entidades que imparten cursos cando se poda entrar en colisión cos diplomados en Fisioterapia.

O Sr. Cardador pregunta se os alumnos de terceiro ciclo que xa terminaron os cursos poden beneficiarse da tarxeta de transporte (respóndeselle que sí).

O Sr. Gómez Soler, que non concorreu as últimas eleccións, despídese dos órganos de goberno e di que espera o mellor futuro para a Universidade de Vigo.

O Sr. Fernández Cruz roga que despois do traslado, se lle dea un uso ó Edificio de Ferro que non incida negativamente na saúde das persoas (o Rector di que se farán as oportunas reformas e se planificará o seu uso). Roga que se inste ó Concello de Ourense para que se estudie unha redistribución das lineas de transporte (o Rector responde que este rogo debe trasladarse tamén ó Consello de Campus).

O profesor Costas pregunta se o uso do billete de transferencia pode facerse extensible ó PAS e ó profesorado (O Vicerrector de Docencia e Alumnado responde que non, que só é aplicable ós mesmos beneficiarios do bono-bus; en todo caso, os profesores e PAS poden utilizar o bus de transporte ó Campus, co prezo que corresponda). Roga que se solucionen as deficiencias da rede na Facultade de Filoloxía e Traducción. Pregunta se sería posible facer un regulamento do uso do idioma galego.

O profesor Durany pregunta polo proceso seguido na validación dunha materia da titulación de Minas que se fixo por votación na Comisión correspondente do Centro, en contra dos informes do Departamento e do profesor responsable.

O Sr. Álvarez Moreira presenta un escrito que figura no anexo á acta e fai os seguintes rogos e preguntas:

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 20:00 horas, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo